

## Limiar

Apreciado lector ou lectora: este libro que terma non é un manual sobre Internet, aínda que describa brevemente qué é a Rede, cómo naceu, cómo funciona e cómo aproveitala; tampouco non se trata dunha relación de recursos galegos que existen na Rede de redes, malia que se analicen algúns certamente representativos. Este libro só quere axudar a abrir un debate que cremos necesario na sociedade galega nos albores dunha crecente globalización, sobre a posición de Galicia, da súa identidade, da súa cultura e da súa lingua, na sociedade da información.

Dende 1997, e máis concretamente desde o desenvolvemento do curso de verán *Internet: ¿que nos ofrece?*, que organizara a Universidade de Santiago de Compostela, comezamos a intercambiar opinións e reflexións verbo do uso do galego en Internet e das potencialidades do medio, así como dos perigos que se lle presentaban ó noso idioma de non artellarmos un espacio propio de comunicación.

Desa preocupación común xurdiron algúns pequenos traballos, conxuntos e individuais, sobre a lingua e os contidos en ámbitos concretos. Sen embargo, á hora de expoñer as nosas cavilacións, constatamos, por unha banda, un forte descoñecemento das posibilidades e dos riscos das novas tecnoloxías, así como grandes tecnofobias; por outra banda, unha concienciación cativa -tanto de "cantidade" como de "calidade"- a respecto da magnitude dos cambios que o mundo está a vivir por mor da globalización e de cómo poden afectar ó noso país. E apreciamos todo isto, sobranceiramente, en ambientes progresistas, con sentido de país e preocupados polo porvir da lingua.

De por parte, asistimos abraizados a unha reiterada autoloa no discurso do poder e ó silencio no contrapoder. O cativo interese sobre o tema da lingua e dos contidos na Rede, para o que non había nin discurso nin contradiscurso, acabou, en marzo de 1999, por empurrarnos a elaborar este libro sobre a existencia de contidos galegos e na nosa lingua en Internet como reflexo da situación de Galicia na sociedade da información, non para sentar cátedra, senón coa esperanza de que faga prender un debate do que resulten propostas de futuro.

Hai nel posicións que van contracorrente do discurso mediático e moito máis do discurso do poder; que serán moi discutibles, outras abertamente cuestionables. O noso obxectivo non é outro que poñer sobre o tapete, co maior rigor posible e desde unha óptica galega e progresista, as nosas percepcións, co obxectivo de provocar o contraste de ideas.

Para a elaboración do libro, estudiamos todos aqueles documentos que consideramos chave para entender dun xeito global os cambios que se están producindo e cómo están a afectar, en termos xenéricos, ós distintos campos. Logo, estudiamos a situación xeral e sectorial en Galicia.

Ó analizarmos a conxuntura galega, o primeiro problema co que nos encontramos foi a falta de estudos previos referidos a este ámbito, xa que a maioría dos poucos que existen céntranse en aspectos tecnolóxicos, no audiovisual ou consisten en reflexións globais. Sen embargo, non aludían á cuestión da lingua e dos contidos.

Para empeorar as cousas, moi poucos recursos galegos en Internet están sometidos a un control rigoroso de audiencia, como o da OJD, co cal puidesemos acoutar e centrar o noso estudo.

A petición de datos a diferentes buscadores de ámbito galego, estatal e internacional que tiñan indexados os recursos por comunidades autónomas, non nos axudou tampouco, ben por falta de resposta, ben por non nos facilitar os datos que lles pediamos, ben porque os datos proporcionados non eran abondo representativos.

Xa que logo, optamos por realizar a nosa propia cala nos webs galegos. Dado que a maioría dos buscadores cifraban na orde dos 3.000 o número de webs, decidimos analizar uns 1.300 dos diferentes sectores en que adoitan a clasificar tematicamente estes webs. Dependendo do sector, estudiamos todos ou unha mostra representativa. Tiñamos que tomar como base un buscador, así que escollemos o de Vieiros, tanto por ser o primeiro índice de recursos galego como porque era o que máis coñeciamos; dadas as eivas que apreciamos no buscador e que sinalamos ó longo do libro, optamos por introducir algúns mecanismos correctores.

Acoutamos o estudo dos recursos a un período que comezou en maio do 99 e concluíu en outubro do 2000. Se hoxe en día moitos traballos fican axiña desactualizados perante a cantidade de información que se xera no mundo, calquera análise de recursos de Internet resulta obsoleta practicamente no día a día. Por esta razón, a actualización dos datos de tipo cuantitativo non guiou as nosas prioridades, pois o que realmente nos importa deles son as tendencias que apuntan, que mudan máis lentamente. Si nos preocupou a actualización de aspectos cualitativos, como a aparición ou a renovación de sitios web que fosen verdadeiramente representativos.

Para o estudo dos webs elaboramos unha ficha na que tivemos en conta basicamente unha tipoloxía (estándar, extenso, avanzado) definida pola interactividade e a actualización; os contidos (información, comunicación, transacción); as linguas iniciais; as linguas operativas e de deseño; a fonte (oficial e oficiosa) e a existencia ou non de dominio. Consideramos como web aquel que funcionaba como unha unidade con certa independencia, non as pantallas ou as páxinas.

Á hora de tratar os datos procedentes da cala, fixemos fincapé nas tendencias. Os aspectos cuantitativos son en si pouco representativos tanto pola dinámica crecente da Rede como porque, dende un punto de vista lingüístico-

comunicacional, unha determinada porcentaxe de webs en galego, por moi alta que sexa, pode resultar moi enganosa.

A primeira parte do libro (capítulos 1 e 2) é de carácter introductorio sobre a Rede e a globalización; séguelle un capítulo extenso, o 3, de contextualización dunha das nosas teses, a importancia das políticas públicas, para continuar co bloque central (capítulos 4 a 12), onde analizamos a política de incorporación de Galicia á sociedade da información e os seus resultados, a través do estudio da lingua e dos contidos dos webs, tanto en termos xerais como nos campos que consideramos máis importantes: Administración pública, ensino, empresa, medios de comunicación, organizacións sociais, industrias lingüísticas e culturais. Ficarón fóra deste exame a sanidade (funciona sobranceiramente a través de intranets, polo que son escasos os contidos públicos analizables), e o turismo (globalmente é un sector por desenvolver, con iniciativas pouco salientables, sacada a experiencia de Turgalicia). Así mesmo desbotamos estudar as páxinas persoais, por mor do seu volume e heteroxeneidade.

A análise dos diferentes eidos comeza cunha introducción xeral, á que lle segue a situación galega nesa área en termos xenéricos, e o estudio dalgúns webs que consideramos paradigmáticos polo seu emisor ou representativos dunha determinada tendencia. Aínda que as conclusións se poden inferir dos diferentes capítulos, dedicamos o último a recapitular sobre as ideas forza que fomos vertendo.

Somos conscientes das limitacións deste traballo. Se cadra, o tratamento dalgúns aspectos do libro peca de superficial. Na nosa descarga pesan as dificultades que atopamos na súa elaboración<sup>1</sup>, a intención divulgativa que nos animou, a necesidade de non sobardar unha extensión axeitada para a paciencia dos potenciais lectores e lectoras, e maila variedade de cuestións inherentes ó tema da globalización e da sociedade da información, que criamos necesario sequera albiscar.

Precisamente a diversidade dos asuntos que centran ou se enxergan neste libro poden valernos o cualificativo de *intrusos*, por achegármonos a temas nos que non somos especialistas: telecomunicacións, política, economía, socioloxía, comunicación... En efecto, recoñecemos que debería tratarse do traballo dun grupo interdisciplinar, o que non entraba dentro das nosas posibilidades; tampouco soubemos de ningunha outra iniciativa con este carácter. Esa mesma diversidade pode provocar a sensación de que se trata dun libro que se move en terra de ninguén, na medida en que non vai dirixido a un público en concreto, e así, por exemplo, haberá achegas sobre telecomunicacións ou sobre a Rede que lle resultarán superficiais ós

---

<sup>1</sup> Para levar adiante este estudio acollémonos ás convocatorias de axudas da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos da Consellería da Presidencia, para estudos sobre medios de comunicación en Galicia dos anos 1999 e 2000. As axudas fóronnos denegadas “por tratarse dun traballo que vai máis alá do estudio dos medios de comunicación, para adentrarse en políticas socio-culturais alleas ós mesmos”, e mais polas limitacións presupostarias.

especialistas na materia e ó mellor lle resultan aburridas a un lingüista, e viceversa.

Tratouse dunha elección consciente: os eixes principais arredor dos cales xira o libro, a globalización, a sociedade da información e as novas tecnoloxías da información e a comunicación, necesitan ser comprendidos de forma interdisciplinar. Agardamos esperanzados que xurdan outros traballos que afonden en cuestións tratadas aquí superficialmente; que rebatan ou desenvolvan este libro.

Cómpre resaltar que tódalas traducións ó galego das citas que incorporamos son nosas; así mesmo, solicitamos benevolencia se, á hora de comprobar documentos e referencias de ciberbibliografía, os enderezos URL que fornecemos xa non son correctos, a pesar das nosas comprobacións. Trátase dun problema inherente á Rede, do que non puidemos libranos nin nós mesmos durante a elaboración deste traballo.

Por último, queremos agradecer o interese de moitas persoas que nos alentaron nesta tarefa, e nomeadamente, a Socorro García Conde. Así mesmo, quedamos moi recoñecidos para todos cantos nos botaron unha man: a Rafael Villar Suárez e Camilo Regueiro, por deseñarnos as bases de datos; a Begoña López Rodríguez, que nos axudou a tratalos e puxo en orde a bibliografía; a Carlos Lamas (da AIMC), Concha Varela Orol (da Asociación de Bibliotecarios de Galicia), Suso Mosquera (da CIG) e ó Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega, que nos forneceron algúns informes e documentación; a Xabier Canosa, Antonio Pérez Casas, Camilo Regueiro e Rafa Villar, polas súas atentas lecturas e pertinentes observacións; a Chus García, que retomou a cámara para nós.